



O PESADELO DE DARWIN /// PRIVATE /// HANNA K.  
 ESTRELAS DE LA LÍNEA /// LA NOCHE DE LOS LÁPICES  
 EL CRIMEN DE CUENCA /// HOTEL RWANDA

LIBERTIO PEREZ - LIBERTIO \*  
 ECERRA LINARES, P<sup>ra</sup> ARANTON (Sta Barbara)  
 LLAR FEBRERO - ANTONIO *Felipe* SANTOME  
 ALLON POCH - JOSE *Cabalero* SANTA EUGENIA  
 AMESLIA FERNANDEZ - AGUSTIN VIGO (Po  
 ANEDA MACIA - JOSE *Don Carbal, Pout* VILLADOR  
 ONDE RAMOS - RAMON MACEDA (  
 OTO MARTINEZ - MANUEL MARCON (  
 IAZ ORTAZ - VICTORIANO MOSTEIRO  
 IAZ RIVAS - RAMON VALIA JUAN-BRAUDIO *Villegas* 27- 1-41  
 IEGUEZ BLANCO - ANTONIO FREIXIDO (Orense),  
 ARINA CHOUFIÑO - ANTONIO \* MALPEA (La Coruña)  
 FERNANDEZ FERNANDEZ - MANUEL LUGO  
 FERNANDEZ GARCIA - MANUEL MUGARDOS (La Coruña)  
 FERNANDEZ LORENZO - TIBERTIO *Manuel* VIGO (Po  
 FERNANDEZ PARADA - MANUEL \* RIVEIRA (La Coruña)-*Toro* 13- 5-42  
 FERNANDEZ RODRIGUEZ - JESUS-*Coto* ORENSE  
 FERNANDEZ SANTIN - JOSE *José* ESTREMAR (Lugo)  
 FERNANDEZ PASTORIZA - JOSE BUEU (Pontevedra)  
 FERRERO ALVAREZ - MARTIN PONTEVEDRA

# DERREITOS HUMANOS

CICLO DE CINEMA  
 DO 15 AO 21 DE XANEIRO DE 2007  
 TEATRO PRINCIPAL /// SANTIAGO DE COMPOSTELA

VALIA JUAN-BRAUDIO <i>Villegas</i> 27- 1-41	"
FREIXIDO (Orense),	3- 1-42
MALPEA (La Coruña)	6- 5-41
LUGO	29-12-41
MUGARDOS (La Coruña)	24-12-41
VIGO (Po	4-12-41
CORZOS (Orense)	11-12-41
RIVEIRA (La Coruña)- <i>Toro</i> 13- 5-42	"
ORENSE	7-11-41
ESTREMAR (Lugo)	26-2-41
BUEU (Pontevedra)	20-12-41
PONTEVEDRA	20- 9-41
	23-11-41

## CICLO DE CINEMA

# DEREITOS HUMANOS

Do 15 ao 21 de xaneiro de 2007  
Teatro Principal  
Santiago de Compostela

### Luns 15

20.30 DARWIN'S NIGHTMARE (O PESADELO DE DARWIN)  
Hubert Sauper

22.30 PRIVATE (DOMICILIO PRIVADO)  
Saverio Costanzo

### Martes 16

20.30 HANNA K.  
Costa-Gavras

22.30 ESTRELLAS DE LA LÍNEA  
Chema Rodríguez

### Mércores 17

20.30 LA NOCHE DE LOS LAPICES  
Héctor Olivera

22.30 DARWIN'S NIGHTMARE (O PESADELO DE DARWIN)  
Hubert Sauper

### Xoves 18

20.30 PRIVATE (DOMICILIO PRIVADO)  
Saverio Costanzo

22.30 EL CRIMEN DE CUENCA  
Pilar Miró

### Venres 19

20.30 HOTEL RWANDA  
Terry George

22.30 HANNA K.  
Costa-Gavras

### Sábado 20

20.30 ESTRELLAS DE LA LÍNEA  
Chema Rodríguez

22.30 HOTEL RWANDA  
Terry George

### Domingo 21

20.30 EL CRIMEN DE CUENCA  
Pilar Miró

22.30 LA NOCHE DE LOS LAPICES  
Héctor Olivera

#### Despacho de billetes

aberto a partir das 18,00 horas

Prezo da entrada: 3 €

Abono para 7 películas: 14 €

#### Venda de localidades:

Localidades á venda no teléfono 902 434 443 ou na internet: www.caixagalicia.es

## HANNA K.

### FICHA ARTÍSTICA

Hanna Kaufman Jill Clayburgh Víctor Bonnet Jean Yanne Josué Herzog Gabriel Byrne  
Sélim Bakri Mohammed Bakri Ammon David Clennon O estraño Oded Kotler

### FICHA TÉCNICA

Dirección Costa-Gavras Guión Franco Solinas e Costa-Gavras; baseado nun argumento de Franco Solinas Produción Michèle Ray-Gavras Música Gabriel Yared Fotografía Ricardo Aronovich Montaxe Françoise Bonnot Deseño da produción Pierre Guffroy Vestuario Edith Vesperini

### DATOS TÉCNICOS

Países Francia e Israel Ano 1983  
Duración 111 min

### SINOPSE

Hanna Kaufman (Jill Clayburgh), 35 anos, xudía de orixe polaca nada en Estados Unidos e de nacionalidade francesa, decide ser israelita tras casar con Víctor Bonnet (Jean Yanne). Abandona o seu marido para marchar a un kibbutz en Israel cun poeta que pronto se cansa dela. Hanna instálase en Xerusalén, onde remata a carreira de dereito que comezara antes de casar con Víctor. O seu amante é Josué Herzog (Gabriel Byrne), fiscal xeral, que lle asignou a Hanna a defensa de Sélim Bakri (Mohammed Bakri), detido por entrar de forma ilegal en Israel. Celébrase o xuízo e a Sélim expúlsano á ponte Allenby. Hanna está separada pero non divorciada, e queda embarazada de Josué, feito ao que ela se refire como «un accidente». Está desesperada e chama a Víctor, que segue namorado dela e que non dubida en tomar o primeiro avión. Pero chega no momento en que a Hanna a reclama «un cliente de verdade». É Sélim outra vez, volvérono deter, pero esta vez con 2000 dólares e un informe que contén todos os títulos de propiedade da casa que leva anos reclamando: ao principio mediante cartas de recomendación, e que é o motivo das súas constantes entradas ilegais en Israel. Hanna defende a Sélim, pero a súa inexperiencia, a sinceridade e a sensibilidade fan que, partindo dun problema particular, o de Sélim, de maneira confusa e sen querer, chegue ao problema xeral, o dos palestinos. Víctor obsérva todo con condescendencia: o problema de Sélim, os celos de Josué, o afán de independencia de Hanna... O seu «territorio» límitase a Hanna. Hanna Kaufman... Hanna Bonnet... Hanna Herzog... «Hanna», atrapada entre Víctor, Josué e Sélim, busca desesperadamente a súa identidade ■



## ESTRELLAS DE LA LÍNEA

### FICHA ARTÍSTICA

Valeria, Mercy, Vilma, Marina, Carol, Kimberly, Kim, China, Beatriz, Susy, Seca, Maribel, Lupe, Erika

### FICHA TÉCNICA

Dirección e Guión Chema Rodríguez Produción executiva Tomás Cimadevilla e Chema Rodríguez Música Michel Peraza Fotografía René Soza Montaxe Pablo Blanco Guzmán

### DATOS TÉCNICOS

País España Ano 2006  
Duración 90 min Xénero Documental

### SINOPSE

Valeria, Vilma, Mercy e mais o resto das súas compañeiras soñan con que as traten dignamente e que cese a violencia que sofren a cotío. Son prostitutas guatemaltecas, de a dous dólares por servizo. Traballan en La Línea, a carón da vía do tren que atravesa a capital camiño do océano Pacífico. Para chamar a atención sobre os seus problemas, sobre o acoso da policía e os asasinatos impunes forman un equipo de fútbol e inscribense nun torneo local do que son expulsadas pola condición de prostitutas. Esta expulsión xerou no país unha acendida polémica, rexeitamentos e apoios que transformaron as súas vidas da noite para a mañá. Esta é a súa historia ■



## PRIVATE (DOMICILIO PRIVADO)

### FICHA ARTÍSTICA

Comandante Ofer Lior Miller Mohamed Mohammad Bakri Soldado Eyal Tomer Russo Samia Areen Omari Mariam Hend Ayoub Soldado Dan Niv Shafir Soldado Ariel Sahar Lachmy Jamal Marco Alsayng Karim Karem Emad Hassan Aly Nadia Sarah Hamzeh Yusef Amir Hasayen

### FICHA TÉCNICA

Dirección Saverio Costanzo Guión Saverio Costanzo, Camilla Costanzo, Alessio Cremonini e Sayed Qashua Produción Mario Gianani Música Alter Ego Fotografía Luigi Martinucci Montaxe Francesca Galvelli

### DATOS TÉCNICOS

Título orixinal Private País Italia Ano 2004  
Duración 90 min Xénero Drama

### SINOPSE

Mohamed (Mohammad Bakri) é profesor de literatura inglesa nun dos institutos máis progresistas de Palestina, do que tamén é director. Vive nunha aldea coa súa esposa Samiah (Areen Omari) e os seus cinco fillos: Mariam (17 anos), Yusef (14 anos), Jamal (13 anos), Karem (6 anos) e Nada (8 anos). A familia vive nunha casa illada que está a medio camiño entre a aldea palestina e un asentamento



xudeu. A casa non tarda en se converter nun punto estratéxico. Os israelís deciden confiscala. A pesar de que a casa está invadida por soldados israelís, Mohamed non quere marchar. Apoiándose nunha profunda crenza na non-violencia, decide que é posible convivir cos soldados. Estes deciden dividir a casa en tres zonas. Esta nova vida, impregnada de medo, rompe a unidade da familia. Cada membro reacciona á súa maneira ante a presenza dos soldados e a decisión do pai. Mariam (Hend Ayoub) é a única que apoia o seu pai. Pero non quere quedar na casa pola mesma razón ca Mohamed. Cre que é a única forma de levar a cabo unha resistencia activa, mesmo violenta se se dá o caso. O tempo dálle a razón a Mohamed. A súa estratexia de resistencia pacífica dá froitos e consegue normalizar a situación. As tensións do principio entre a familia e os soldados van desaparecendo. Sen novos estímulos, a espiral de violencia convértese nun absurdo. Cando todo parece que volveu á normalidade, un novo brote de violencia ameaza con destruír todo o que se conseguiu ■

## LA NOCHE DE LOS LAPICES

### FICHA ARTÍSTICA

Alejo García Pintos, Vita Escardó, Pablo Novak, Adriana Salonia, Pablo Machado, José María Monje, Leonardo Sbaraglia, Héctor Bidonde, Tina Serrano, Lorenzo Quinteros

### FICHA TÉCNICA

Dirección Héctor Olivera Música José Luis Castiñeira de Dios Fotografía Leonardo Rodríguez Solís Produción Fernando Ayala Guión Héctor Olivera e Daniel Kon

### DATOS TÉCNICOS

Título orixinal La noche de los lapices  
Ano 1986 País Arxentina Duración 106 min  
Xénero Drama

### SINOPSE

En setembro de 1976, durante os primeiros meses do último goberno militar en Arxentina, sete adolescentes da cidade de La Plata son secuestrados, torturados e asasinados a raíz das súas protestas polo aumento do billete estudiantil ■



## EL CRIMEN DE CUENCA

### FICHA ARTÍSTICA

Amparo Soler Leal, Antonio Orengo, Assumpta Serna, Daniel Dicenta, Eduardo Calvo, Félix Rotaeta, Fernando Rey, Francisco Casares, Francisco Merino, Guillermo Montesinos, Héctor Alterio, José Caride, José Manuel Cervino, José Vivó, Juan Lombardero, Marisa Tejada, Mary Carrillo, Mercedes Sampietro, Vicente Cuesta

### FICHA TÉCNICA

Dirección Pilar Miró Produción Alfredo Matas Guión Lola Salvador Maldonado e Pilar Miró Música Antón García Abril Fotografía Hans Burmann Montaxe José Luis Matesanz

### DATOS TÉCNICOS

Título orixinal El crimen de Cuenca Ano 1979  
Duración 90 min Xénero Drama

### SINOPSE

En 1913, Gregorio Valero e León Sánchez, amigos e veciños de Osa de la Vega (Cuenca) son detidos como autores da morte de José María Grimaldos, pastor de oficio e compañeiro dos anteriores. Todo o mundo os acusa. Son xulgados e condenados a dezaoitos anos de cárcere. Apenas dous anos despois de estar en liberdade, José María Grimaldos, a vítima, aparece en Mira de la Sierra, na provincia de Cuenca... ■



## DARWIN'S NIGHTMARE (O PESADELO DE DARWIN)

### FICHA TÉCNICA

Dirección Hubert Sauper Produción Barbara Albert, Martin Gschlacht, Edouard Mauriat, Hubert Sauper, Antonin Svoboda e Hubert Toint Guión Hubert Sauper Fotografía Hubert Sauper

### DATOS TÉCNICOS

Título orixinal Darwin's Nightmare Países Austria, Bélxica, Francia, Canadá, Finlandia e Suecia Estrea 21 de xaneiro de 2005 Ano 2004 Xénero Documental Formato Cor Duración 107 min Estrea en España 1 de xullo de 2005

### SINOPSE

Na década dos anos 60, no corazón de África, unha nova especie animal foi introducida no lago Vitoria como un pequeno experimento científico. A perca do Nilo, resultou ser un voraz depredador que arrasou todas as especies autóctonas deste xigantesco lago. O novo peixe multiplicouse rapidamente, e hoxe en día os seus brancos filetes séguense exportando arredor do mundo. Enormes avións de carga da antiga Unión Soviética chegan diariamente para recoller os últimos cargamentos de pesca e, a cambio, descargan a súa mercadoría... kalashnikovs e munición para as innumerables guerras que teñen lugar na parte central do continente. Esta explosiva industria multinacional de peixes e de armas creou unha desoladora alianza globalizada na beira do lago tropical máis grande do mundo: un exército de pescadores locais, executivos financeiros internacionais, nenos sen casa, ministros africanos, comisarios da Unión Europea, prostitutas tanzanas e pilotos rusos ■



## HOTEL RWANDA

### FICHA ARTÍSTICA

Paul Rusesabagina Don Cheadle Tatiana Sophie Okonedo Coronel Oliver Nick Nolte Jack Joaquin Phoenix Dube Desmond Dube David David O'Hara Pat Archer Cara Seymour Xeneral Augustin Bizimungo Fana Mokoena George Hakeem Kae-Kazim Gregoire Tony Kgoroge Roger Ofentse Modiselle

### FICHA TÉCNICA

Dirección Terry George Guión Keir Pearson e Terry George Produción A. Kitman Ho e Terry George Música Andrea Guerra, Rupert Gregson-Williams e Afro Celt Sound System Fotografía Robert Fraise Montaxe Naomi Geraghty Deseño da produción Tony Burrough e Johnny Breedt Dirección artística Emma MacDevitt Vestuario Ruy Filipe

### DATOS TÉCNICOS

Países Reino Unido, Sudáfrica, USA e Italia Ano 2004 Duración 121 min Xénero Drama Estrea en USA 22 de decembro de 2004 Estrea en España 25 de febreiro de 2005

### SINOPSE

A unhas horas da sinatura dun convenio de paz entre hutus e tutsis –apoiado pola ONU– no hotel Mille Collines (Kigali, Ruanda), que rexenta Paul Rusesabagina (Don Cheadle), pequenos acontecementos empezan a perturbar a vida diaria do país. Soldados hutus instigan por radio a «erradicar a invasión asasina dos tutsis». Paul Rusesabagina é hutu e director do hotel Mille Collines, propiedade das liñas aéreas belgas Sabena. Respetado pola súa xenerosidade, polo carisma e mais polos contactos que ten, vese involucrado no transcurso dos acontecementos cando ameazan a súa muller tutsi (Sophie Okonedo), aos seus fillos e mais aos veciños con matalos e logra sortear os primeiros obstáculos mediante o suborno, coa esperanza de que as forzas internacionais cheguen en calquera momento para evitar a guerra civil. Con todo, a situación vai cada vez a peor. Tras o asasinato do presidente ruandés, comezan as matanzas indiscriminadas de tutsis a mans dos soldados e dos cidadáns hutus. Paul logra protexer os seus no hotel, ao que empezan a chegar milleiros de persoas pedindo auxilio. Mentres un cámara mozo, reporteiro da BBC (Joaquin Phoenix), asiste ao espectáculo dantesco e Paul usa todos os recursos e subornos posibles para manter con vida os tutsis refuxiados no hotel, as forzas internacionais chegan a Ruanda pero só para evacuar os cidadáns brancos e devolvelos aos países de orixe e con ordes de non-intervención. Paul, armado de coraxe, coa axuda do coronel Oliver (Nick Nolte) da ONU (defraudado polo comportamento internacional), logrará acubillar e protexer primeiro, e salvar despois, a vida de milleiros de persoas que confiaron nel. Comprométese consigo mesmo para protexer a súa muller tutsi, Tatiana, os seus fillos e os 1200 veciños tutsis que, atemorizados e ameazados, chegan ao hotel pedindo auxilio e protección, cando as forzas internacionais non lles ofrecen intervención nin axuda aos perseguidos ■